

20
23



CIRCUITO CORRENDO POLA
**COSTA
MORTE**
Carreiras Populares



OITAVA EDICIÓN

REGULAMENTO



Fisterra



1. IDEOLOXÍA	3
2. PROBAS	4
3. CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS	5
4. PERCORRIDOS	5
5. NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE do VII/VIII Circuíto de Carreiras Populares Correndo pola Costa da Morte	5
6. DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS	6
7. TIPOS DE COMPETICIÓNS	7
8. INSCRICIÓNS DAS COMPETICIÓNS INDIVIDUAIS E ADAPTADA	7
9. COMPETICIÓN POR EQUIPOS	8
10. SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E RECOLLIDA DE DORSAIS	9
11. COMPETICIÓN ADAPTADA	10
12. CARREIRA 3K CONTRA O CANCRO	10
13. CLASIFICACIÓNS E TROFEOS/MEDALLAS DE CARREIRA	11
14. CLASIFICACIÓNS E TROFEOS/MEDALLAS DO V CIRCUÍTO CORRENDO POLA COSTA DA MORTE	12

1. IDEOLOXÍA

O Circuito de Carreiras Populares “*Correndo pola Costa da Morte*” é un programa anual de carreiras populares, que ten por obxectivo fomentar a práctica de actividade física e deportiva como medio para alcanzar unha vida máis saudable.

O dito circuito está promovido e organizado por un conxunto de concellos da Costa da Morte: Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas.

Nesta competición poden participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos/as como adultos/as (nados/as no ano 2020 e anteriores).

As posibilidades de participación son fundamentalmente, tanto en Sénior como en categorías base (agás Pitufo), dúas:

1.1. Corredores/as de Carreira:

Son os/as atletas que se inscriben en unha ou en varias das probas das que se compón o circuito, pero que non participan na competición do circuito. Deberán facer unha inscrición por cada unha das probas nas que desexen participar. Nas categorías de adultos/as os corredores e as corredoras terán a posibilidade de inscribirse na proba 3K Contra o Cancro ou 10K.

Na proba 3K Contra o Cancro participarán en categoría Absoluta, independentemente da súa idade. A distancia desta proba poderá variar entre os 2500 e os 3500 metros, en función do Concello organizador.

Na proba 10K a distancia poderá variar entre os 9000 e 10000 metros en función do Concello organizador.

Nas probas de categorías base os/as atletas correrán as distancias establecidas segundo a súa categoría. Ademais de faceren a inscrición, deberán presentar a autorización paterna á hora de recoller os dorsais.

1.2. Corredores/as de Circuito:

Son os/as atletas que se inscriben co obxectivo de completar un mínimo de sete probas do circuito na modalidade de 3K Contra o Cancro, 10K, ou o Circuito de Categorías Base (agás categoría Pitufo). Estes/as atletas entran na clasificación particular das probas nas que participan e tamén na clasificación xeral do circuito. Deberán facer unha única inscrición e correr obrigatoriamente con chip amarelo os/as adultos/as e con chip verde os/as de categorías base (agás Pitufo).

Os/as atletas poderán participar na competición por equipos, sempre e cando estean inscritos/as na competición individual de circuito na modalidade 3K Contra o Cancro ou 10K .

2. PROBAS

O circuío estará composto por un total de 10 probas. Comezará o día 5 de marzo de 2023 coa XI Carreira Popular Concello de Camariñas, e rematará o 15 de outubro de 2023 coa VIII Carreira Popular Concello de Fisterra.

	Concello	Data	Proba
1ª proba	Camariñas	05-03-2023	XI Carreira Pedestre Concello de Camariñas
2ª proba	Vimianzo	16-04-2023	XI Carreira Pedestre Concello de Vimianzo
3ª proba	Mazaricos	07-05-2023	VI Carreira Pedestre Concello de Mazaricos
4ª proba	Dumbría	20-05-2023	VII Carreira Pedestre Concello de Dumbría
5ª proba	Zas	03-06-2023	VIII Carreira Pedestre Concello de Zas
6ª proba	Carnota	18-06-2023	XXX Carreira das Areas Concello de Carnota
7ª proba	Cee	01-07-2023	VIII Carreira Nocturna Concello de Cee
8ª proba	Muxía	15-07-2023	VIII Carreira Pedestre Concello de Muxía
9ª proba	Corcubión	16-09-2023	XX Carreira Pedestre Vila de Corcubión
10ª proba	Fisterra	15-10-2023	VIII Carreira Pedestre Concello de Fisterra

Os horarios das carreiras das distintas categorías serán establecidos polo Concello organizador e poderán ser consultados na web www.correndopolacostadamorte.com

3. CAMISETA CONMEMORATIVA

Despois de 7 edicións do circuío, o equipo organizador decidiu cambiar a filosofía en relación co agasallo das camisetas conmemorativas: non se vai entregar unha camiseta en cada proba, senón **UNHA ÚNICA CAMISETA** valorada en 18,00 €, sublimada e totalmente personalizada para o noso circuío.




Este é un bosquejo inicial da camiseta do Circuito Correndo pola Costa da Morte. O modelo definitivo pode sufrir pequenas modificacións con respecto a este.

Esta camiseta será gratuíta para todos/as aqueles/as deportistas que se inscriban como corredores/as de circuío.

- Os/As corredores/as de carreira que a queiran adquirir deberán pagar o seu **prezo de venda (11,00€)** no momento de realizar a inscrición de carreira.
- Os/As corredores/as de circuío deberán indicar a talla da camiseta no momento de realizar a inscrición.
- Debido a que se trata dunha camiseta totalmente personalizada o proceso de elaboración destas será de entre 4 e 5 semanas despois de pechadas as inscricións de circuío, polo tanto **non estarán dispoñibles para a primeira proba**. No momento en que estean dispoñibles notificarase para que os/as deportistas sexan coñecedores da carreira ou carreiras nas que se van poder recoller.
- Os/as corredores/as de carreira que desexen mercar a camiseta na carreira de Camariñas deben saber que non se lle poderá entregar na dita carreira, xa que o proceso de elaboración non permite dispoñer delas para esas datas. De calquera maneira, en canto estean dispoñibles porémonos en contacto para acordar a súa forma de entrega.
- Recoméndase consultar as medidas máis axeitadas para cada deportista mediante a **guía de tallas**. A organización non se responsabiliza dunha mala elección da talla.

TALLE MULLER



Talle		4A	6A	8A	10A	12A	14A
Altura (A)	cm	46,5	49,5	52,5	56,5	60,5	64,5
Peito (B)	cm	35	37	39	41	43	45
Cinta (C)	cm	31	33	35	37	39	41

Talle		16A/XS	S	M	L	XL	XXL
Altura (A)	cm	68,5	72,5	74,5	76,5	78,5	80,5
Peito (B)	cm	47	49	51	53	55	57
Cinta (C)	cm	43	45	47	49	51	53

TALLE HOME



Talle		4A	6A	8A	10A	12A	14A
Altura (A)	cm	46,5	49,5	52,5	56,5	60,5	64,5
Peito (B)	cm	35	37	39	41	43	45

Talle		16A/XS	S	M	L	XL	XXL
Altura (A)	cm	68,5	72,5	74,5	76,5	78,5	80,5
Peito (B)	cm	47	49	51	53	55	57

- A recollida da camiseta deberá facela o/a propio/a deportista presentando o DNI ou outro documento que nos permita identificalo/a. No caso de que envíe a alguén para a súa recollida, este deberá presentar tanto o DNI da persoa propietaria da camiseta coma o seu propio.

4. CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS

Circuíto / Distancia	Categorías	Idade
Base Pitufos: 100 - 300 m Sub 10/Sub12: 1.000 m. aprox. Sub 14/Sub16/Sub18: 2.500 - 3.500 m	Pitufos	Nados/as en 2016-2020
	Sub 10	Nados/as en 2014-2015
	Sub 12	Nados/as en 2012-2013
	Sub 14	Nados/as en 2010-2011
	Sub 16	Nados/as en 2008-2009
	Sub 18	Nados/as en 2006-2007
10K 9.000 - 10.000 m	Sub 20	Nados/as en 2004-2005
	Sub 23	Nados/as en 2001-2003
	Sénior	Nados/as en 2000-1989
	Máster 1	Nados/as en 1988-1983
	Máster 2	Nados/as en 1982-1973
	Máster 3	Nados/as en 1972-1963
3K Contra o Cancro 2.500 - 3.500 m	Máster 4	Nados/as en 1962 ou antes
	Absoluta	Nados/as en 2005 ou antes

* Os/as atletas de categoría Sub 18 poderán optar a correr na categoría superior (Absoluta en 3K e Sub20 en 10K) sempre que o fagan constar á hora de facer a inscrición. O feito de correr nunha categoría superior implicará que non poderán optar á clasificación e premios da categoría Sub 18.

Así mesmo, implicará que deberán pagar a correspondente inscrición (8€+ 1€ de alugueiro de chip + 5€ en concepto de fianza por inscrición de carreira, ou 35€ + custo do chip, no caso de non posuílo en propiedade, por inscrición de circuíto) e poderán participar na competición de equipos.

5. HORARIOS

- 08:30 | Apertura da mesa para a recollida de dorsais
- 10:00 | Proba Sub 10
- 10:15 | Proba Sub 12
- 10:30 | Entrega de premios Sub 10 e Sub 12
- 10:45 | Proba 3K Contra o Cancro
- 10:47 | Proba 3K Sub 14, Sub 16 e Sub 18
- 11:30 | Proba 10K
- 12:45 | Proba Pitufos
- 13:00 | Entrega de premios das probas Sub 14, Sub 16, Sub 18, 3K Contra o Cancro e 10K

6. PERCORRIDOS


Os percorridos das distintas probas pódense consultar no Racemapp, na app ou na web www.correndopolacostadamorte.com

PERCORRIDO SUB 10 e SUB 12




2023


PERCORRIDO SUB 14, SUB 16, SUB 18 E 3K CONTRA O CANCRO




PERCORRIDO 10K



SAÍDA E CHEGADA DAS PROBAS SUB 14, SUB 16, SUB 18, 3K CONTRA O CANCRO E 10K



PITUFOS



7. NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE DO VIII CIRCUÍTO DE CARREIRAS POPULARES CORRENDO POLA COSTA DA MORTE

7.1. Todas as probas incluídas no programa do Circuito de Carreiras Populares “Correndo pola Costa da Morte” rexeranse pola **regulamentación de seguridade viaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia**, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, sobre a ocupación da vía pública, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003; e o Real decreto 849/1993, do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).

7.2. Cada proba estará subscrita ao **seguro de responsabilidade civil** da Federación Galega de Atletismo. Tamén contará cun **seguro de accidentes** que terá as coberturas mínimas esixidas no Real decreto 849/199.

7.3. Así mesmo, todas as probas contarán cun **servizo médico-sanitario**, que constará dunha ambulancia e un médico, para aquelas probas que non superen os 750 participantes.

7.4. A organización da proba resérvase o dereito de modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.

7.5. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha **alerta laranxa a proba será suspendida** automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolve-la.

7.6. Os/As atletas que, durante o transcurso da proba, circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira considéranse, para todos os efectos, usuarios/as normais da vía.

7.7. Toda persoa que corra sen estar inscrita farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.

7.8. Poderanse efectuar reclamacións ante o/a xuíz/xuíza árbitro/a da proba. A participación é libre e leva implícita a aceptación do regulamento xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orde, coas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

7.9. A organización da proba habilitará un servizo de vestiarios, duchas e gardarroupa.

7.10. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola organización.

7.11. Permitirase que os/as deportistas de categoría Sub 18 que estean interesados/as en correr as probas 3K ou 10K poidan facelo, se así se anotaran en cada carreira ou en todo o circuito.

7.12. Descualificacións

7.12.1. O servizo médico da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.

7.12.2. Quedarán descualificados os/as atletas que non realicen o percorrido completo.

7.12.3. Quedarán descualificados os/as atletas que manifesten un comportamento non deportivo ou se reiteren en protestas ante a organización.

8. DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS

Os/As deportistas inscritos/as comprométense a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

A realización da inscrición implica que se leron, entenderon e adquiriron os compromisos que a continuación se expoñen:

8.1. Os/As menores de idade inscribíranse baixo a supervisión e autorización paterna ou dun titor legal. A inscrición dos menores no Circuito ou en calquera proba do mesmo implica a autorización paterna ou do titor legal para a súa participación.

8.2. Os/As atletas inscritos/as declaran que están en bo estado físico e que pasaron os pertinentes recoñecementos de saúde.

8.3. Non poderá ser recollido o dorsal nin a camiseta por un terceiro.

8.4. Calquera atleta con problemas médicos (alerxia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.

8.5. Toda persoa participante, ao realizar a inscrición, acepta a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet, e autoriza a toma de imaxes co fin de utilizalas para a promoción e difusión das devanditas actividades, así como a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte da organización. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

9. TIPOS DE COMPETICIÓNS

10. Competición individual (ver punto 10).

11. Competición por equipos (ver punto 11).

12. INSCRICIÓNS DAS COMPETICIÓNS INDIVIDUAIS

Só se permitirá a participación nunha única proba. Os/As corredores/as só poderán participar na proba na que se inscribiron (3K, 10K ou Base)

12.1. As inscricións realizaranse a través da páxina web www.correndopolacostadamorte.com.

12.2. As inscrición para CORREDORES/AS DE CARREIRA realizaranse dentro dos seguintes prazos e custos:

12.2.1. Ata o martes anterior á proba ás 23'59 horas: 8€+ 1€ de alugueiro de chip + 5€ en concepto de fianza que se devolverá no momento en que sexa devolto o chip, unha vez rematada carreira no lugar habilitado.

12.3. As inscricións para CORREDORES DE CIRCUÍTO realizaranse dentro dos seguintes prazos e custos:

12.3.1. As inscricións para os corredores de circuítO poderán formalizarse ata o martes 28 de febreiro ás 23'59 horas cun prezo de 35€ + o custo do chip no caso de non posuílo en propiedade.

12.3.2. Para unha maior optimización dos recursos en canto a avituallamentos de carreira e poscarreira, dende a organización do circuítO SOLICÍTASE que os/as atletas de circuítO CONFIRMEN A SÚA ASISTENCIA A CADA CARREIRA (AGÁS Á DE CAMARIÑAS). A data límite para a confirmación será o martes previo á súa celebración, ás 23'59 horas.

12.4. As inscricións para os/as atletas de CATEGORÍAS BASE deberán realizarse a través da plataforma www.correndopolacostadamorte.com e serán gratuítas.

Haberá que aboar unha fianza polo chip, que será devolta unha vez rematada a carreira e devolto o chip no lugar habilitado.

12.4.1. A inscrición para as categorías base será gratuíta, pero deberase aboar unha fianza de 5€ polo uso do chip, que será reembolsada pola empresa de cronometraxe na semana seguinte ao remate da proba, unha vez comprobado que o chip devolto se corresponde coa persoa inscrita.

12.4.2. Os/As menores de idade inscribíranse baixo a supervisión e autorización paterna/materna ou dun/dunha titor/titora legal. A inscrición dos menores no circuítO ou en calquera proba deste implica a autorización paterna/materna ou do/da titor/titora legal para a súa participación.

12.4.3. As inscricións para CORREDORES/AS DE CARREIRA poderán formalizarse **ata o martes 13 de xuño ás 23'59 horas.**

12.4.4. As inscricións para CORREDORES/AS DE CIRCUÍTO BASE poderán formalizarse ata o martes 28 de febreiro ás 23'59 horas.

13. COMPETICIÓN POR EQUIPOS

Os/as atletas poderán participar na competición por equipos, sempre e cando estean inscritos/as na competición individual de circuito na modalidade 3K Contra o Cancro ou 10K .

Formación de equipos: poderán formarse os seguintes equipos atendendo ao xénero das persoas que os compoñan:

13.1. Equipos femininos: compostos integramente por atletas femininas.

13.2. Equipos masculinos: compostos integramente por atletas masculinos.

13.3. Equipos mixtos: compostos por atletas masculinos e femininas.

13.3.1. Todos os equipos terán que estar formados por un mínimo de 5 e un máximo de 10 corredores/as.

13.3.2. Os equipos mixtos deberán cumprir a seguinte correlación:

Número de atletas por equipo	Composición do equipo
5 ou 6	2 mulleres ou homes como mínimo
7 ou 8	3 mulleres ou homes como mínimo
9 ou 10	4 mulleres ou homes como mínimo

13.4. Para poder optar ao **premio económico** terá que haber un **mínimo de 3 equipos** na categoría na segunda proba do circuito. De non ser así, o equipo poderá competir e recibirá o trofeo que o acredita como campión da súa categoría na gala final, pero non recibirá premio económico.

13.5. Considerarase a un equipo como inscrito dende o momento en que tres dos seus compoñentes (como mínimo) puntúen nunha das dúas primeiras carreira do circuito.

13.6. O prazo de inscrición de equipos rematará o domingo día 9 de abril de 2023 ás 23:59 horas. A partir desta data non se poderán realizar máis inscricións por equipos e tampouco se poderán facer modificacións na composición dos equipos.

13.7. Sistema de puntuación:

13.7.1. Para poder puntuar, todos os/as atletas do equipo deberán correr e rematar 3 carreiras do circuito como mínimo.

13.7.2. Para poder puntuar nunha carreira deberán participar e rematar un mínimo de 3 atletas do equipo, independentemente do xénero. Se non logran rematar un mínimo de tres atletas, os/as non chegados/as consideraranse como últimos clasificados e puntuarán como tales.

13.7.3. O sistema de puntuación rexeráse por unha táboa de clasificación compensada, na que entrarán tanto os resultados dos/das atletas adaptados/as coma os dos/das non adaptados/as.

O sistema de puntuación estableceráse segundo os seguintes baremos:

Posto de chegada á meta	Número de atletas chegados/as á meta	
Puntuarán os/as 5 primeiros/as atletas do equipo que entren en meta en función da súa clasificación por sexo (masculino ou feminino).	3 chegados á meta	6 puntos
	4 chegados á meta	10 puntos
	5 chegados á meta	15 puntos
	6 chegados á meta	16 puntos
A puntuación por posto de chegada sairá da suma dos postos de chegada de cada atleta puntuable do equipo segundo o seu xénero.	7 chegados á meta	17 puntos
	8 chegados á meta	18 puntos
	9 chegados á meta	19 puntos
	10 chegados á meta	20 puntos

13.7.4. A puntuación total do equipo calcularáse segundo a seguinte fórmula: suma dos puntos por posto (ata os 5 primeiros) / puntos número de chegados/as.

EXEMPLO PRÁCTICO

Equipo A: 6 chegados/as nos postos 10 masc. + 20 masc. + 21 masc. + 5 fem. + 10 fem. + 15 fem.

Puntos por posto de chegada á meta: 60

Puntos por chegados/as á meta: 16

Puntos do equipo: $60/16 = 3,75$ puntos.

Neste exemplo práctico tomamos a referencia de clasificación dos dous primeiros masculinos (postos 10 e 20) e as tres primeiras femininas (postos 5, 10 e 15) para facer a suma dos puntos por chegados/as.

As instrucións para formalizar as inscricións por equipos pódense consultar na seguinte ligazón: <https://championchipnorte.com/ayuda/formar-equipos>

14. SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E RECOLLIDA DE DORSAIS

14.1. Para recoller os dorsais, chips e camisetas será imprescindible a presentación do DNI para acreditar a identidade do/daa deportista.

14.2. Non poderá ser recollido o dorsal nin a camiseta por un terceiro.

14.3. Para controlar as probas estableceranse controis de cronometraxe por chip, que deberá ir suxeito aos cordóns das zapatillas.

14.4. Será obrigatorio o uso de chip para todas as categorías, **agás Pitufo**.

14.5. Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías, que facilitado pola organización.

14.6. O/A atleta que non porte o chip non poderá entrar na clasificación da proba nin lle computará na clasificación do circuíto.

14.7. O/A atleta que non porte dorsal poderá ser descualificado/a se así o estima a dirección da carreira.

14.8. O horario de apertura e peche das mesas para a recollida de dorsais e chips será definido por cada Concello organizador no regulamento particular.

14.9. Os/As corredores/as de circuíto 10K e 3K Contra o Cancro deberán usar obrigatoriamente “chip amarelo”.

14.10. Os/As corredores/as de circuíto das categorías base deberán usar obrigatoriamente “chip verde”. Do mesmo xeito, empregarán un único dorsal para todas as probas do circuíto.

14.11. Tanto o dorsal coma o chip (no caso de non posuílo) recolleranse na primeira proba do circuíto na que participen os/as inscritos/as, no lugar habilitado para tal efecto.

14.12. No caso de perda do chip o/a atleta deberá mercar outro a través da páxina de Championchip.

14.13. No caso de perda ou rotura do dorsal, poderá solicitar outro á organización. No suposto de necesitar un terceiro dorsal, deberá solicitalo e aboalo a ChampionChip.

14.14. Os/As corredores/as de carreira usarán o “chip de carreira”. Estes/as corredores deberán recoller o seu dorsal e chip antes da carreira no lugar habilitado para tal efecto ata 30 minutos antes do inicio da proba.

14.15. Os chips son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos/das atletas, sancionarase coa expulsión do circuíto do/da portador/a e do/da atleta suplantado/a, anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no circuíto.

15. CARREIRA 3K CONTRA O CANCRO

Carreira 3K Contra o Cancro



Na VIII edición do circuío seguiremos **colaborando coa Asociación Provincial Contra o Cancro**. A recadación obtida para tal fin será entregada á dita asociación cando remate o circuío, na gala de entrega de trofeos.

Así mesmo, todas as persoas que desexen colaborar coa Asociación Provincial Contra o Cancro, sen participar en ningunha competición, poderán facelo inscribíndose no apartado **Fila 0** que aparecerá na web www.correndopolacostadamorte.com, dentro de cada unha das probas que compoñen o circuío.

16. CLASIFICACIÓNS E TROFEOS/MEDALLAS DE CARREIRA

16.1. Clasificacións da proba 10K:

16.1.1. Optan a esta clasificación todos os atletas e as atletas participantes na proba.

16.1.2. Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os/as tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías, independentemente da súa condición de corredores/as de carreira ou de corredores/as de circuío.

16.1.3. Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro clasificado e a primeira clasificada empadroado/a no Concello organizador.

16.1.4. Os equipos só recibirán trofeo e/ou medalla na gala final.

16.2. Clasificacións da proba 3K Contra o Cancro:

16.2.1. Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.

16.2.2. Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os/as tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías Absoluta, Sub 18, Sub 16 e Sub 14, independentemente da súa condición de corredores/as de carreira ou de corredores/as de circuío.

16.3. Clasificacións da proba Sub10 e Sub12:

16.3.1. Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.

16.3.2. Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os/as tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías.

16.4. Medallas conmemorativas:

16.4.1. Ademais, na categoría Pitufos, Sub 10 e Sub 12, recibirán medalla conmemorativa todos/as os/as participantes nas ditas probas.

17. CLASIFICACIÓNS E TROFEOS/MEDALLAS DO VIII CIRCUÍTO CORRENDO POLA COSTA DA MORTE

17.1. Clasificacións do circuío 10K:

17.1.1. Para poder optar a esta clasificación os/as atletas deben inscribirse no circuío 10K. Os/As atletas que participen en todas as probas pero non se inscriban no circuío non optan a esta clasificación.

17.1.2. Os/AS atletas participantes no circuío deberán completar un mínimo de sete probas para poder optar aos premios.

17.1.3. No caso de correr máis de sete probas, o/a atleta puntuará cos mellores 7 resultados acadados.

17.1.4. A puntuación acadada irá en función do posto obtido en cada unha das probas (1º posto=1 punto / 2º posto=2 puntos / 3º posto=3 puntos..., de xeito que o/a atleta con menor suma de puntos será o/a vencedor/a en cada unha das categorías.

17.1.5. No caso de empate a puntos, o sistema de desempate será o seguinte:

- Número de probas rematadas.
- Maior número de mellores postos.
- Maior distancia en quilómetros percorridos (no caso de que as carreiras teñan distintas distancias).

17.1.6. Recibirán trofeo e/ou medalla de campións e campioas do circuío os tres primeiros clasificados e as tres primeiras clasificadas de cada unha das categorías 10K.

17.1.7. Recibirán trofeo e/ou medalla de campión absoluto e campioa absoluta do circuío o primeiro clasificado absoluto e a primeira clasificada absoluta do circuío.

17.1.8. Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e a primeira clasificada local (empadroados nos concellos organizadores do circuío).

17.2. Clasificacións do circuío 3K Contra o Cancro:

17.2.1. Para poder optar a esta clasificación os/as atletas deben inscribirse no circuío 3K Contra o Cancro. Os/As atletas que participen en todas as probas pero non se inscriban no circuío non optan a esta clasificación.

17.2.2. Os/As atletas participantes no circuío deberán completar un mínimo de sete probas para poder optar aos premios.

17.2.3. No caso de correr máis de sete probas, o/a atleta puntuará cos mellores 7 resultados acadados.

17.2.4. A puntuación acadada irá en función do posto obtido en cada unha das probas (1º posto=1 punto / 2º posto=2 puntos / 3º posto=3 puntos..., de xeito que o/a atleta con menor suma de puntos, será o/a vencedor/a en cada unha das categorías.

17.2.5. No caso de empate a puntos o sistema de desempate será o seguinte:

- Número de probas rematadas.
- Maior número de mellores postos.

- Maior distancia en quilómetros percorridos (no caso de que as carreiras teñan distintas distancias).

17.2.6. Recibirán trofeo e/ou medalla de campións do circuío e campioas do circuío os tres primeiros clasificados e as tres primeiras clasificadas da categoría absoluta.

17.3. Clasificacións por equipos:

17.3.1. Destinarase a premios unha cantidade de 600€ en vales para cambiar por material deportivo na tenda de deportes Aurora Sport, para os equipos campións das distintas categorías (feminino, mixto, masculino) nos circuíos 10K e 3K Contra o Cancro.

17.3.2. O importe final de cada un dos vales dependerá do número de equipos con dereito a premio económico ao remate do circuío. Se houberse 6 equipos con dereito a premio económico (tres por categoría e circuío), cada un deles levaría un vale por valor de 100€ en material deportivo. Se algunha das categorías quedase deserta e o número de equipos con dereito a premio fose menor, os 600€ repartiríanse de maneira proporcional entre eles.

Para poder optar ao **premio económico** terá que haber un **mínimo de 3 equipos** na categoría. De non ser así, o equipo poderá competir e recibirá o trofeo que o acredita como campión da súa categoría na gala final, pero non recibirá premio económico. Considerarase a un equipo como inscrito dende o momento en que tres dos seus compoñentes (como mínimo) puntúen nunha das dúas primeiras probas do circuío.

17.4. Clasificacións do circuío de base:

17.4.1. Para poder optar a esta clasificación os/as atletas deben inscribirse no circuío de cada categoría de base. Os/As atletas que participen en todas as probas pero non se inscriban no circuío non optan a esta clasificación.

17.4.2. Recibirán trofeo e/ou medalla de campións e campioas do circuío os tres primeiros clasificados e as tres primeiras clasificadas das categorías Sub 10, Sub 12, Sub 14, Sub 16 e Sub 18.

17.4.3. Os/As atletas participantes no circuío deberán completar un mínimo de 7 probas para poder optar aos premios.

17.4.4. No caso de correr máis de sete probas, o/a atleta puntuará cos mellores 7 resultados acadados.

17.4.5. A puntuación acadada irá en función do posto obtido en cada unha das probas na súa categoría (1º posto=1 punto / 2º posto=2 puntos / 3º posto=3 puntos..., de xeito que o/a atleta con menor suma de puntos, será o/a vencedor/a en cada unha das categorías.

17.4.6. No caso de empate a puntos o sistema de desempate será o seguinte:

- Número de probas rematadas.
- Maior número de mellores postos.
- Maior distancia en quilómetros percorridos (no caso de que as carreiras teñan distintas distancias).

17.5. Premios especiais:

17.5.1. Recibirán medalla *finisher* todos os corredores e as corredoras de circuío que rematen todas as probas do circuío na modalidade na que se inscribiron.

17.5.2. Todos os/as atletas inscitos/as en circuío que rematen un mínimo de 7 carreiras terán dereito a un diploma conmemorativo que poderán descargar dende a plataforma www.correndopolacostadamorte.com

17.6. Entrega de trofeos aos campións e ás campioas de circuío:

Unha vez rematadas as probas do *Circuíto de Carreiras Populares “Correndo pola Costa da Morte”* organizarase un acto de entrega de trofeos/medallas a todos os premiados e premiadas, así como un acto de entrega dos premios especiais.

O lugar e a data en que terá lugar o dito acto de entrega será comunicado coa suficiente antelación.

Organizadores:

